



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 1051AI045R	
Código de verificación  2S1S 2P52 465M 0M2V 0AI4	Expediente 105/2025/6212	
	Fecha 04-02-2026	

RESOLUCIÓN: AMPLIACIÓN DO CRÉDITO DESTINADO Á CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2026.

A concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, ditou resolución de data 08/10/2025 (RES/AYT/17909/2025) na que resolveu o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar, de forma anticipada, a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2026 (tamén denominadas “Bono-Taxi”) no marco da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, cuxo texto integro foi publicado no BOP da Coruña nº 156 de data 16/08/2024, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de 150.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade (bono-taxi) do concello da Coruña para o ano 2026, que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 5D5W 4T0X 0P2V 4K1U 1ADP na súa versión en castelán e 6653 2P41 4L4H 2J2E 1A7N na súa versión en galego. Achégase coa convocatoria a solicitude de Bono Taxi con código seguro de verificación 3F2O 1J4X 3I5O 4Y1H 1206.

TERCEIRO.- Reter crédito polo importe de 150.000,00€, destinados a pagar a convocatoria de bono taxi 2026 na aplicación 51.231.480.06 do orzamento municipal, segundo os períodos e exercicios orzamentarios que se indican (116.000,00 € na anualidade 2026, para aboar os gastos do período de xaneiro a novembro de 2026 e 34.000,00 € na anualidade 2027, para aboar os gastos correspondentes a decembro de 2026), condicionando o gasto de ambas dúas anualidades á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Obxecto	Período mensual de imputación do gasto do ano natural 2026	Exercicio económico-orzamentario	Importe da Retención de Crédito
Convocatoria Bono taxi 2026 (Tramitación anticipada)	De xaneiro ata novembro do ano 2026 (01/01/2026 ata 30/11/2026)	2026	116.000,00 euros
	En decembro do ano 2027 (01/12/2026 ata 31/12/2026)	2027	34.000,00 euros
Importe total obxecto convocatoria Bono Taxi 2026:			150.000,00 euros

CUARTO.- Realizar os trámites precisos para publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, na sede electrónica do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente.

O presente acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación



Concello da Coruña

deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

No BOP núm. 20, de data 30.01.2026, publicouse a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello da Coruña para o exercicio 2026, que recollía un crédito inicial na aplicación 51.231.480.06 de 180.000,00 euros, o que permite ampliar a convocatoria da anualidade 2026 do programa de axudas para o transporte en taxi nos seguintes importes:

	Importe inicial aprobado resolución 08/10/2025	Proposta de incremento	Contía final da convocatoria 2026
Anualidade 2026	116.000,00 €	13.181,00 €	129.181,00 €
Anualidade 2027	34.000,00 €	16.819,00 €	50.819,00 €
Total convocatoria	150.000,00 €	30.000,00 €	180.000,00 €

Consta no expediente o informe emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos atendendo á natureza plurianual da ampliación proposta.

Tendo en conta todo o exposto con anterioridade, e de conformidade co previsto no apartado 4.4 da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2026 aprobadas pola concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, do 08/10/2025 (RES/AYT/17909/2025), por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo 04/07/2024, BOP núm. 129 do 05/07/2024), que se outorga a concelleira delegada a competencia para a xestión e actos derivados da convocatoria, formulase a seguinte

RESOLVIN:

PRIMEIRO: Ampliar a convocatoria de concesión de axudas para o pagamento de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2026 aprobada pola concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local o 08/10/2025 (RES/AYT/17909/2025), nun importe de 30.000,00 €, que se imputarán á aplicación 51.231.480.06 coa seguinte distribución:

- 13.181,00 € euros na anualidade 2026.
- 16.819,00 € euros na anualidade 2027.

Con esta modificación a convocatoria terá un importe total de 180.000 euros: 129.181,00 euros na anualidade 2026 e 50.819,00 euros na anualidade 2027.

SEGUNDO: Reter crédito na aplicación 51.231. 48006 do orzamento polos seguintes importes:

- 13.181,00 € euros na anualidade 2026.
- 16.819,00 € euros na anualidade 2027.

O incremento de gasto da convocatoria na anualidade 2027 quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal deste exercicio.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución á Intervención Municipal ós efectos da súa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

A Xunta de Goberno Local PD

A Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade